

Cando as mulleres existen por si ...

Non é doado para un home que ten lido abondo literatura feminina e feminista embarcarse na aventura de fotografar este elenco de mulleres singulares e ofrecernos así, a través de simples instantáneas, vidas cheas de forza e de significado. Andrés Pociña sabe, con Simone de Beauvoir, que el é ao mesmo tempo xuíz e parte e que, polo tanto, a súa obxectividade é unha meta difícil. E sabe tamén que as mulleres estamos afeitas de máis a bañarmonos en mares de tinta de literatura feita por homes verbo de nós para saír *secas, non tocadas*, ou mesmo *manchadas* por un discurso que nos é completamente alleo.

*Xulieta é o sol
di Romeo
queimado polos raios da paixón.*

Xulieta estaba fría.

Estes versos do libro *Metáfora da metáfora*, de M^a Xosé Queizán, sérvennos para explicar que, case sempre, o que priva é a fantasía masculina, entendida no senso psicoanalítico do

termo, non o intento de comprender. É por iso sorprendente e moi de agradecer que este libro intente, e por certo non sen éxito, reflectir eses sentimentos, esas actitudes, esa maneira de se producir, que socioloxicamente pertencen moito máis ás mulleres que aos homes e que nestes retratos quedan elevados a categoría universal, tal e como merece a parte da humanidade que somos as mulleres.

Todas as retratadas aquí son mulleres autónomas, presentadas como tales, que existen por elas mesmas, que non piden permiso para se amosar como amantes, como actrices, como escritoras, como feministas, etc. Responden como estereotipos que elas mesmas crearon (ou axudaron a crear), non ao pre-xuízo deformador. Tan deformante é idealizar como degradar, porque ambas as dúas ópticas significan non comprender.

Na antiga literatura clásica o autor axeónllase diante do heroe; na literatura realista está ao mesmo nivel; no esperpento de Valle Inclán o autor está por riba do personaxe. En todas as versións idealizadoras, sublimadoras, ou nas abertamente misóxinas (no fondo cara e cruz da mesma moeda) predominan ou déixanse ver a primeira e a terceira perspectivas. Abunda moito menos, en cambio, no que toca á contemplación das mulleres por parte dos homes, a segunda: a identificación da diferenza no que se recoñece como igual. Por iso é tan grato que a ollada admirativa de Andrés Pociña, a súa homenaxe, sexa unha “mulleraxe”, isto é, unha identificación e un recoñecemento de virtudes e de actuacións femininas que valen en por si e que ao quedaren representadas no “altar da literatura” cobran significado universal, válido para a humanidade.

A beleza e naturalidade con que se narra o encontro amoroso de **Safo** -no que para maior ubicación clásica ecoa algún verso de Homero- non sería posible sen unha incondicional aceptación do feito homoerótico entre mulleres, tan alleo á lite-

ratura patriarcal por ficar fóra da función reproductiva e da dependencia dos homes.

A restauración da imaxe de **María Pita** como muller sensible, tenra e non violenta de seu, rompe cos estereotipos masculinos que lle foran aplicados polos cronistas doutrora.

A confesión de **Sor Juana Inés de la Cruz** afonda nas razóns dunha vocación relixiosa inducida pola necesidade vital dunha independencia sempre negada ás mulleres ao longo da historia.

Rosalía, desesperada pola morte do fillo, aprendendo a dor da realidade máis crúa fronte á visión que se nos deu dela como muller endóxenamente triste, patolóxicamente magoada. Ela, que cantou os sufrimentos dos que non tiñan voz pública, nomeadamente das persoas do seu xénero.

O escritor preséntanos a escultora arxentina **Lola Mora** na inauguración da Fonte das Nereidas diante da Casa Rosada, unha fonte que causara escándalo pola paganía e naturalidade coas que fora cicelada a deusa, o motivo central da obra. O aplauso con que é acollida a descuberta da escultura é recibido pola autora non dun xeito narcisista, senón como o triunfo da liberdade creativa de Lola Mora e de todas as mulleres con ela.

A representación abraiante de Medea que fai **Margarita Xirgu** cando cabalga triunfante sobre o texto, sobre dificultades de todo tipo, e mesmo sobre os malos agoiros, amósasenos no relato como resultado do xenio artístico, pero tamén dun tesón sen límites: a actriz non é receptora pasiva dunhas cualidades innatas, loita e faise a si mesma.

No relato “Adeus” aparece a imaxe trémula e insomne da poeta **Alfonsina Storni** no devalo cara á morte, entre voces de tango e lembranzas da nenez, a deixar ao coidado da nutriz a derradeira explicación.

Montserrat Caballé lembra en positivo o desaloxo do que foi obxecto a súa familia en 1939. Non importa o que fixeron con ela e con todos os seus, importa, queda, a lembranza dun amencer “divino” na Praza de Cataluña.

E a morte de **Violeta Parra**, a cantautora chilena, explicada non como unha fuga, senón como a culminación dunha plenitude que xa non pode aspirar a máis. E **Ava Gardner** descendendo do seu Olimpo para facer feliz, quizais no café Gijón, a un rapaciño de dezanove anos, o propio Andrés Pociña sen dúbida. E **Melina Mercouri**, a actriz grega que chegaría a ser ministra co goberno socialista do seu país, nun dos momentos máis brillantes, pero tamén máis dramáticos da súa peripecia vital: aquel no que lle comunican que, por un decreto dos militares, lle é arrebatada a cidadanía grega. E **Dolores Ibárruri**, Pasionaria, cando entra no Congreso dos Deputados co retorno da democracia no 1977, vella e cangada cos recordos de toda a dor vivida, pero que devén forte e ilusionada porque, á fin, volve a liberdade. E **Montserrat Roig** debaténdose coa doenza última, o cancro que lle traería a morte, enteira e dicindo a súa verdade. E **Luz Pozo**, a gran poeta galega, no día do ingreso na Academia, a monologar co amor da súa vida, o escritor Eduardo Moreiras, xa falecido. E, por último, a cerimonia de espallar no Santiaguíño do Monte as cinsas de **Maruxa Villanueva**, a actriz e cantante que custodiou a casa museo de Rosalía, en Padrón, e de quen fixeran unha completa biografía Aurora López e o propio Andrés Pociña. Neste relato asistimos tamén ao encontro, nunha outra dimensión, de Maruxa e da poeta.

Momentos todos de mulleres reais, mulleres que son ou que foron, captados pola ollada dun home do que hai que dicir que non escribe co que Kristeva chama “a voz histórica”. Juliet Mitchell explica que a voz histórica é para a cuñadora da expresión “a linguaxe masculina das mulleres a falar da experiencia feminina”; daquela, non sei se é pertinente para me referir á

escrita dun home. En todo caso, a de Andrés Pociña é a voz dunha persoa que sabe que o que nos foi imposto ás mulleres durante séculos non nos é consubstancial.

“Di a sentenza reaccionária e imobilista que detrás de todo grande home hai unha grande muller. Alén de hierárquica, totalmente inexacta: detrás de todo home –aceitemos por unha vez a xeneralización- hai, adoita haber, unha muller abaixada, unha semi-persoa con, ao menos, a metade da vida e do tempo dedicados a facé-lo a el home completo, xa que non grande...”

Paga a pena decatarmo-nos disto ou seguimos de costas viradas a desigualdade tan evidente no interior da nosa sociedade?”

Traio aquí estas palabras de M^a do Pilar García Negro para dicir que detrás de Andrés Pociña non hai ningunha muller. A súa, Aurora López, está ao seu lado (e el ao lado dela) e quizais por iso el puido ver estas e presentárnolas grandes en por si, desde as características femininas que sinalara Herbert Marcuse: *receptividade, sensibilidade, tenrura e non violencia*, entre outras, desexables para toda a humanidade.

E non dirá Andrés Pociña que el é Safo, María Pita, Alfonsina, Margarita Xirgu, ... Maruxa Villanueva, no senso en que Flaubert dixo: “Eu son Madame Bovary”, pero pode facelo como Calixto: “Melibeo soy”. Porque, sen dúbida, el ama todas estas mulleres.

Marica Campo

1

Solpor

(Safo de Lesbos, 596 a.C.)

A
noitecía cando se detiveron á beira mesma da auga, os corpos fatigados pola longa camiñada. A mar estaba queda, morta, dun azul cada vez máis intenso, case negro pola falta de luz. Sen dicir palabra, responderon sentándose á invitación da morna area, que conservaba un pouco a quentura do ardente sol da tarde.

Levantou a vista e cruzaron as olladas. Aínda podía distinguir as súas faccións, o brillo dos seus enormes ollos, as ondas dos seus cabelos enrestrados coa grilanda de ramos de endro. Quixo dicirlle algo, pero faltáronlle as palabras, a ela, que dende moi nena tivera sempre o adxectivo máis oportuno para cada cousa. Chegáballe, tan próxima, o seu fino recendo de aceite de nardo, e sentía que os sentidos se lle viraban, que a vista lle faltaba, e igual a voz, e que tan só percibía coma un salouco inmediato o melodioso murmurio mariño. As nereidas e demais divindades do Exeo parecía que aplaudían con dozura a escena.

Tendéronse ao unísono na area, achegando os corpos ata rozarse. Só naquel intre descubriron entre as Pleiades unha enorme lúa chea, preñada de fermosos presaxios para as namoradas. Ela estirou cara atrás o brazo e cortou con delicadeza un feiti-

ceiro lirio de mar, que só por designio de Afrodita podía ter nacido alí, no medio das areas. En vez de darlle a flor, comezou a acariñarlle con ela as meixelas, o colo, os peitos, o ventre, as coxas. Agora vía cada vez mellor os seus ollos, brillantes de desexo, e os seus labios vermellos entreabertos, prestos ao suspiro, e a brancura de todo aquel corpo, que xa reclamaba abertamente as súas caricias.

Achegouse un pouco máis, os seus peitos acariñáronse de mutuo acordo, e as mans das dúas principiaron a arar regos no horto vizoso das súas peles. Foi naquel preciso momento cando pensou, quizais por primeira vez en toda a vida, que Amor axitaba os seus sentidos coma no monte acomete ás aciñeiras o vento.

A lúa de dedos de rosa alumeábaas compracente. Pero non hai nunca tempo dabondo para o amor, e cansou a lúa e pouco a pouco foi deixando o ceo co seu cortexo de estrelas. Do mesmo modo tamén os seus corpos, fartos de abrazarse, de acariñarse, sentiron a lasitude que produce o amor perfecto. Do alto do ceo escorregou o negro sono e sorprendeunas así, entrelazadas na area, a poucos pasos dunha mar que a penas movía as súas augas para susurrarlles unha canción de berce.

Profundo foi o sono sobre o peito da morna amiga. Dormidas aínda sorprendeunas a Aurora de sandalias douradas ao levantarse sobre a mar. Un chisco despois comezou a escoitarse na area alba e salgada a meliflua voz do reiseñor, ansiado mensaxeiro da primavera.